

CAPO ORTEGAL, Lugar de interese internacional

A península do Cabo Ortegal atópase incluído dentro da ZEPVN (Zona de Especial Protección dos Valores Naturais) “Costa Ártabra”, que abrangue un tramo costeiro da provincia da Coruña correspondente á comarca de Ferrol e unha parte da do Ortegal.

O ZEPVN Costa Ártabra, caracterízase pola beleza paisaxística, e nela sobresaen rincóns como este do Cabo Ortegal que destaca pola súa singularidade xeolóxica, florística e faunística. Entre os hábitats protexidos pola REDE NATURA 2000, presentes nesta zona do Cabo Ortegal, atópase o Hábitat de acantilado con vexetación das costas atlánticas e bálticas.

Todo este conxunto de valores xeolóxicos e naturais existentes neste enclave, fan que sexa un dos principais puntos turísticos da Península Ibérica.




ROCHAS do Complexo do Cabo Ortegal

As rochas que forman o Complexo do Cabo Ortegal, teñen unha orixe metamórfica, e destaca pola súa importancia a presenza de Anfibolitas, Ecloxitas, Granulitas, Gneises e Rochas ultrabásicas Serpentinizadas.

No Complexo do Cabo Ortegal, existe un gran afloramento de **ecloxitas** que constitúe un dos maiores existentes en toda a Península Ibérica, estas rochas caracterízanse por ter unha orixe profunda e formáronse a temperaturas moderadas e altas presións. A súa cor é azul-verdoso escuro, e abundan nela os granates de cor rosa-vermello. Atópanse no concello na franxa que discorre desde o Cabo Ortegal pasando polo Monte Faroleiro até a Miranda.

As **rochas ultramáficas** constitúen tres grandes macizos, o Limo, a Herbeira e Uzal, recoñécense pola presenza dunha pátina de cor verde, produto da serpentinización. Entre as rochas ultramáficas está a Dunita, actualmente en explotación, e empregada na industria siderometalúrxica para baixar o punto de fusión do ferro.

As **granulitas** son rochas metamórficas que sufriron durante o seu metamorfismo unhas elevadas temperaturas. Debido a iso, presentan unha textura con grans de tamaño apreciable e homoxéneo. Son de grande interese en xeoloxía debido a que aparecen en zonas de dorsais oceánicas.



EOLOXÍA. Orixe do Complexo do Cabo Ortegal










Hoxe en día está admitido que o Complexo do Cabo Ortegal xurdiu durante a Oroxenia Varisca hai 340 millóns de anos, como consecuencia da colisión entre as marxes continentais de Laurentia e Gondwana. A finais do Pérmico ten lugar o agrupamento de Laurentia, Gondwana e outros continentes menores como Avalonia e Armónica dando lugar ao supercontinente chamado Panxea. Este agrupamento supuxo o peche do Océano Atlántico antigo, debido ao choque de placas continentais e a desaparición do océano que se atopaba entre elas.

Esta colisión entre Laurentia e Gondwana deu lugar á formación da Cordilleira Varisca, da que forman parte o Complexo alóctono do Cabo Ortegal e no que se atopan varios Complexos ofiolíticos. A cordilleira Varisca foi posteriormente arrasada pola erosión e transformada nunha Penichaira, que está representada nesta zona polo monte do Limo.

Os materiais que forman o Complexo alóctono do Cabo Ortegal foron desprazados desde a súa orixe até a posición actual, por fenómenos de cabalgamento, nos que os materiais alóctonos (de orixe lonxana) quedan emprazados sobre os existentes (autóctonos).

Os Complexos Ofiolíticos do Complexo do Cabo Ortegal formáronse por un fenómeno de obducción, que se orixina cando fragmentos da codia oceánica, que se está a afundir baixo a placa continental, (debido ao choque entre as dúas placas), quedan emprazados sobre esta. Estes complexos son moi ricos en minerais, e representan a pegada xeolóxica da unión entre as dúas placas continentais que entraron en colisión. Recentes investigacións do Museo de Historia Natural de Londres e da Universidade Complutense de Madrid, puxeron de manifesto unha nova datación das rochas que forman os complexos ofiolíticos, situando a súa orixe hai 1.160 millóns de anos, o que duplicaría a idade das rochas máis antigas até agora coñecidas da Península Ibérica.

Despois do Carbonífero prodúcese un fenómeno de apertura “rifting”, que ten como consecuencia final a separación da placa Ibérica da de América do Norte e a formación do protoAtlántico, co que Galicia queda separada de Norteamérica.



da Península Ibérica. Consideradas endemismos de Noroeste *merinoi*, estas tres últimas están próximas dos acantilados. *Linaría gallaecica* que aparece nas madreselva, *Silene scabriflora subsp. perlymenum*, máis coñecida como *scutatus subsp. gallaecicus*. Outras especies a destacar son *Lonicera europaensis*, etc.

No Cabo Ortegal atópase especies de charlans, gaviotas, palleiras ou mesmo mascato, así como varias especies de aves importantes que se poden atopar no lugar son a choiva biquivernella ou o miñato, esta última é a ave rapáz máis abundante no Concello de Cariño. Outras especies de aves rapaces nos acantilados sempre resaltar a presenza de diferentes patños.

A finais do verán as especies mariñas están ubicadas nos illotes presentes no seu litoral. Outra das especies colonizadoras están ubicadas nos illotes presentes no seu marítimo cristado e a gaviota patiamarilla, presentes no Cabo Ortegal, como o corvo tipo de medos. As colonias de aves asentamento de especies adaptadas a este forte alteración das rochas provoca o escape con grandes altitudes, no que a O litoral desta costa presenta fortes

Os acantilados costeiros constitúen un hábitat de características especialmente difíciles para o desenvolvemento das comunidades vexetais. As condicións físicas nestes ambientes son moi variables, segundo a pendente do terreo, as salpicaduras do mar, a acción do vento e a exposición ao sol. Os primeiros seres capaces de colonizar as rochas nlas son os líques. A presenza de líques vai ser importante para preparar estes ambientes para o crecemento de plantas pioneiras como os brotos (plantas non vasculares que inclúen musgos, hepáticas e antocerotas), que xunto cos materiais da descomposición propia da rocha, forman unha pequena acumulación de sedimentos que quedan rctidos nas fendaduras. Estes solos primitivos son aproveitados para o desenvolvemento de plantas de maior tamaño.

Fonte: Guía da flora do litoral galego. Luis Alberto Samartin e Helena Lago Canzobre

PARAISO NATURAL E SANTUARIO DAS AVES.




¿Qué é a REDE NATURA 2000?

Natura 2000 é a rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea creada en virtude da **Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres** (Directiva hábitats), con obxecto de salvagardar os espazos naturais mais importantes de Europa. Componse de zonas especiais de conservación (ZEC) declaradas polos Estados membros con arreglo á Directiva sobre hábitats e, ademais, das zonas especiais de protección para as aves (ZEPA) que se designan de acordo coa Directiva aves (Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres).

Teléfonos de interese

- Concello de Cariño.....981 40 50 64
- Policia Local.....626 483 349
- Garda Civil.....062 e 981 405 044
- Centro de Saúde.....981 42 04 10
- Protección Civil.....112 e 650 477 503
- Bombeiros.....080

A REDE NATURA 2000, no Concello de Cariño




sempre chamativo merlo azul. lugar son a choiva biquivernella ou o miñato, esta última é a ave rapáz máis abundante no Concello de Cariño. Outras especies de aves rapaces nos acantilados sempre resaltar a presenza de diferentes patños.

A finais do verán as especies mariñas están ubicadas nos illotes presentes no seu litoral. Outra das especies colonizadoras están ubicadas nos illotes presentes no seu marítimo cristado e a gaviota patiamarilla, presentes no Cabo Ortegal, como o corvo tipo de medos. As colonias de aves asentamento de especies adaptadas a este forte alteración das rochas provoca o escape con grandes altitudes, no que a O litoral desta costa presenta fortes

Os acantilados costeiros constitúen un hábitat de características especialmente difíciles para o desenvolvemento das comunidades vexetais. As condicións físicas nestes ambientes son moi variables, segundo a pendente do terreo, as salpicaduras do mar, a acción do vento e a exposición ao sol. Os primeiros seres capaces de colonizar as rochas nlas son os líques. A presenza de líques vai ser importante para preparar estes ambientes para o crecemento de plantas pioneiras como os brotos (plantas non vasculares que inclúen musgos, hepáticas e antocerotas), que xunto cos materiais da descomposición propia da rocha, forman unha pequena acumulación de sedimentos que quedan rctidos nas fendaduras. Estes solos primitivos son aproveitados para o desenvolvemento de plantas de maior tamaño.

CAPO ORTEGAL, PARAISO NATURAL E SANTUARIO DAS AVES.



Cabo Ortegal

! Irrepetible!

CONCELLO DE CARIÑO